


2

# SECUNDARIA

MATERIAIS DIDÁCTICOS PARA A COEDUCACIÓN



8 de Marzo

Día Internacional da Muller Traballadora

EDUCANDO EN IGUALDADE



CONCELLERÍA  
DE IGUALDADE  
DE XENERO



## PRESENTACIÓN

Dentro da liña de edición MATERIAIS DIDÁCTICOS PARA A COEDUCACION” , a Concellería de Igualdade de Xénero do Concello de Baiona , presenta esta unidade didáctica “Educando en igualdade para igualdade” , para secundaria. Constitúe a segunda da serie, e inclúe materiais que supoñen unha axuda para o profesorado ,proporcionándolles pautas de análise e diferentes actividades a desenvolver na aula .

As actividades que propoñemos van dirixidas ó alumnado de Educación Secundaria e teñen como obxectivo sensibilizalos nos aspectos coeducativos, na autoestima e na resolución non violenta de conflitos.

**Concellería de Igualdade de Xénero**

## PREAMBULO

O 8 DE MARZO, data na que se conmemora o esforzo das mulleres de todo o mundo, ó longo da historia, por acadar a igualdade, a xustiza, a paz e o desenvolvemento, compre reflexionar na importancia de educar en igualdade, respecto, tolerancia, solidariedade, aceptación e dignidade, valores que debemos reforzar para acadar unha sociedade máis xusta e previr conductas con signos de violencia, o que nos permitirá chegar unhas maiores cotas de benestar na nosa comunidade.

A violencia sempre é un xeito de exercicio de poder mediante o uso da forza, xa sexa física, psicolóxica, económica ou política, e implica a existencia dun enfrontamento de papeis complementarios, entre unha persoa con máis poder e outra con menos poder: home /muller, pai/fillo.... A violencia contra as mulleres é consecuencia da relación de desigualdade entre homes e mulleres.

Par previr as conductas violentas compre prever dende as idades máis novas as conductas violentas e o sexismo, ó mesmo tempo que promover estratexias de resolución de conflitos baseadas na non violencia e no afortalamiento das relacións interpersoais.

Para poder previr a violencia de xénero, un dos pilares fundamentais é educar na igualdade entre as persoas e os sexos, dende unha perspectiva de desenvolvemento integral das persoas, é dicir, coeducar.

O sexismo non é algo explícito, trátase de factores sutís que permanecen ocultos tanto para os individuos como para as institucións que, normalmente producen e reproducen a desigualdade social. Pódese dicir que se trata dunha discriminación fundamentalmente invisible.

Cando os nenos e nenas chegan á escola xa se ten producido a socialización nos xéneros masculino e feminino. A escola o que fai é reforzar, manter e reproducir estes estereotipos do masculino e feminino dun xeito inconsciente, polo que non é doado cambiar conductas que non son vividas nin percibidas como problema.

A xerarquización dos xéneros masculino e feminino conleva unhas connotacións específicas que afectan ó comportamento, á conducta estereotipada de cada un dos xéneros e que obriga a asumir uns papeis polo mero feito de estar encasillado nun dos xéneros.

As conductas violentas que as veces se dan nun centro escolar están en maior ou menor medida relacionadas cos estereotipos que asumimos. O estereotipo masculino relaciónase con valores como agresividade, ambición... e os

femininos con capacidades como a sensibilidade, responsabilidade ou valores como a submisión debilidade, tenrura...

Compre sensibilizar tanto ó profesorado como ás familias e o alumnado na coeducación e reflexionar nunha realidade que nos afecta e nos condiciona nos nosos comportamentos e pautas de actuación.

# ACTIVIDADES

## 1.- O 8 DE MARZO

O 8 de Marzo , Día Internacional da Muller, serve para recordar o esforzo das mulleres de todo o mundo ó longo da historia, para acadar a igualdade, a xustiza, a paz e o desenvolvemento.

Esta data foi declarada oficialmente polas Nacións Unidas no ano 1975 pero a súa orixe é moi anterior aínda que, como a historia das mulleres non ten sido ben incorporada a HISTORIA, os feitos ás veces se teñen convertido en lenda, ou se transmiten con diferentes versións.

É por isto que algunhas persoas pensan que neste día se recorda o incendio ocorrido en 1908 nunha fábrica téxtil de Nova Iorque, provocado polo empresario que provocou a morte das 129 obreiras que estaban dentro en folga. Outras relacionan a data cunha manifestación acontecida en 1909, tamén en Nova Iorque, de miles de obreiras que protestaban polos baixos salarios e a xornada laboral de doce horas.

En realidade a orixe de celebrar un Día Internacional da Muller está na proposta que Clara Zetkin presentou en 1910 na II Conferencia Internacional de Mulleres Socialistas, que se inspira no Día da Muller que as mulleres socialistas norteamericanas viñan celebrando dende 1908 reivindicando o dereito ó voto.

Cando se conmemorou o primeiro Día Internacional de Muller en 1911 máis de un millón de mulleres participou publicamente nel. Reivindicaban ademais do dereito ó voto e a ocupar cargos públicos, o dereito a non ser discriminadas no traballo e o dereito á educación.

Nos primeiros anos celebrouse este día en Europa en datas distintas segundo os países. Hai indicios para crer que en 1913, durante a primeira folga xeral en México, as obreiras en folga celebraron xa o 8 de marzo, e en 1914 se celebrará por primeira vez nesta data en Suecia, Alemania e Rusia.

Foi un 8 de marzo de 1917, Día Internacional da Muller en Rusia , cando miles de mulleres rusas se amotinaron protestando pola falla de alimentos, dando inicio o proceso revolucionario coñecido como a Revolución Rusa.

Parece que este acontecemento, non só porque deu orixe á revolución senón porque foi protagonizado por mulleres será o que dará lugar a que a partir de entón o Día Internacional da Muller pasara a celebrarse o 8 de marzo sen máis cambios.

**Actividade:** Debate sobre a vixencia da conmemoración e elaboración dun dossier de prensa.

### **Obxectivos**

- Coñecer datos sobre o significado desta data
- Analisar a súa vixencia e as repercusións nos medios de comunicación escritos.

### **Desenvolvemento das sesións:**

#### ***Sesión 1***

##### **Debate sobre a vixencia da conmemoración**

Repartirase o texto inicial entre todo o alumnado para a súa lectura. Logo agruparanse en equipas de 4/5 persoas e debaterán o redor das seguintes cuestións.

- Despois de ler o texto ¿cambiou a idea que tiñades sobre o significado desta data? Razona as respostas.
- Por qué pensades que aínda se segue a celebrar esta data?
- Pensades que a situación das mulleres cambiou moito? ¿En que?
- Pensades que vivimos nunha sociedade paritaria?

Cada equipo pasará por escrito o resultado do debate realizado e realizárase unha posta en común en gran grupo.

#### ***Sesión 2***

##### **Confección dun dossier de prensa**

O alumnado recollerá da prensa escrita o que esta reflexa sobre este día. Para isto, farase un listado dos periódicos de información xeral nacionais, rexionais ou locais que se coñezan, así como das edicións dixitalizadas e os magazines de fin de semana.

Formaranse grupos de 4/5 persoas entre o alumnado e cada grupo encargárase de revisar 3 periódicos diferentes.

Para a confección do dossier pódense seguir as seguintes pautas:

- Na primeira páxina sinalar os periódicos onde se atoparon noticias ou artigos.

- Logo recorte ou fotocopia das noticias ou artigos atopados, co encabezamento /titular, indicando o nome do periódico, páxina e data de publicación.

Unha vez elaborados os dossieres, poñeranse en común e comentaranse as noticias recollidas.

## 2. REPORTEIROS

O SEXISMO é a asignación de valores, capacidades e roles diferentes a mulleres e homes exclusivamente en función do seu sexo, desvalorizando o que fan as mulleres fronte ó que fan os homes, considerado como o "que ten importancia"

### Actividade:

Capturar imaxes, en fotografía ou vídeo de situacións sexistas

### Obxectivos:

- Recoñecer posturas sexistas en situacións familiares, escolares e cotiás para que poidan adoptar unha postura activa e crítica diante de tal problemática.

### Organización:

Agrupamento : individual

Lugar de realización: calquera lugar onde se desenvolve a vida do alumnado: casa, escola, entorno...

Duración aproximada: unha semana.

### Recursos:

- cámara fotográfica.
- Móbil
- Cámara de vídeo.

### Desenvolvemento:

O profesorado expoñerá en clase o concepto de sexismo e pedirá que o alumnado trate de capturar imaxes da vida cotiá onde quede reflectido.

Disporán dunha semana no que recoller os froitos das súas observacións.

Co material acadado organizarase unha exposición e unha mesa de debate onde se explicará o contido da imaxe , onde foi tomada, por qué é sexista .

### 3.- DE PELÍCULA

#### Actividade:

Visionado da película : "Douche os meus ollos"

#### Obxectivos:

- Analisar os conflitos que xorden na parella e resolución dos mesmos.
- Valorar a separación como solución positiva diante da situación de violencia.
- Analisar criticamente as actitudes do agresor.

#### Documento previo:

Douche os meus ollos fálanos dunha muller maltratada física e psicolóxicamente polo seu home, e dende o mesmo título se suxire que é el quen debe ser capaz de ver as cousas, de ver a realidade, os sentimentos e o amor con outros ollos, cos ollos da muller, cos ollos do auténtico e único amor que a protagonista intenta non perder.

Douche os meus ollos é unha película que trata o tema das relacións de parella con valentía, aborda o problema do maltrato á muller dende a postura de dar unha segunda oportunidade, pero el non cambia e a protagonista vese na obriga de tomar outra decisión para non perder a súa dignidade.

Fonte: Materiais para previr a violencia contra as mulleres dende o marco educativo. Molina de Segura.

#### Desenvolvemento da actividade:

Antes do visionado da película repartirase entre o alumnado o documento previo. logo da proxección da película terá lugar unha posta en común-debate sobre a mesma.

Para o debate se terán en conta entre outras as seguintes cuestións:

- Descrición dos protagonistas.
- Comparar as actitudes fronte o problema dos membros do grupo familiar.
- Comentar comentarios e frases verquidas na película.



- Significado do título.
- Papel e significación do traballo para os dous protagonistas.
- ¿Pensas que a terapia sérvelle ó protagonista?
- ¿Que che parece o final da película?
- Opinión xeral sobre a película. Aprendiches algo dela?

## 4.-CON GAFAS VIOLETA

O noso coñecemento da historia é limitado. As informacións do pasado de cotío son parciais e os historiadores pareceron esquecer que nas sociedades estudiaadas tamén houbo mulleres, mulleres comúns e mulleres artistas, científicas, médicas, escritoras, intelectuais .... con traballos que impresionaron á sociedade do seu tempo, unha sociedade que consideraba que debían manterse no fogar e non participar nas actividades reservadas para os homes. E a Historia silenciou o seu nome durante séculos.

Pero agora , pouco a pouco algúns deses nomes ímolos recuperando. E remirar a historia con gafas violeta axúdanos a entender mellor o noso pasado para saber construír un futuro máis igualitario.

### **Actividade:**

Investigar na historia de mulleres importantes pero sen fama .

### **Obxectivos:**

- Entender a historia das sociedades e dos pobos como o legado das persoas que a conforman: mulleres e homes.

### **Organización:**

Agrupamento: pequeno grupo.

Recursos: Internet, Biblioteca escolar, Biblioteca pública.

Temporalización: dúas semanas.

### **Desenvolvemento da actividade.**

Distribuírse entre todo o alumnado o documento 1, que servirá de punto de partida para investigar máis fondamente sobre Isabel Barreto, construír a súa biografía e comentar as razóns do seu esquecemento histórico.

Una vez realizada esta pequena investigación, propoñeráse que o alumnado se distribúa en pequenos grupos. Cada grupo escollerá unha Muller Impor-

tante , e levará adiante a investigación necesaria para elaborar a súa biografía.

Unha vez elaboradas as biografías, serán presentadas publicamente por un ou unha portavoz de cada equipa, con posta en común-debate ó remate .

Tamén se pode realizar un mural/exposición con todas as Mulleres Importantes recuperadas.

Mulleres Importantes:

- Hipatia
- Trotula
- Goswintha
- Cristina de Pisán
- Madame de Chatelet
- Ada Byron
- Olimpia de Gouges
- Exeria
- María Soliña
- Margarita Nelken
- Maruja Mallo
- Sofía Casanova
- María Casares
- Enriqueta Otero.

## Documento 1

### **ISABEL BARRETO: A PRIMEIRA ALMIRANTA ESPAÑOLA**

A primeira almiranta española era de Pontevedra. Pertencía á nobreza galega, como as escasas mulleres que naqueles anos tiñan capacidade de movemento. Isabel Barreto sabía ler e entendía o latín. Casada con Alvaro de Mendaña en 1596 vese na obriga de asumir o mando dunha expedición formada por catro navíos que meses antes zarparan de Perú cara as illas Salomón.

Á morte do seu home farase cargo da flota recibindo tamén os títulos do seu defunto, converténdose na primeira muller en recibir o grao de "Almirante dos arquipélagos oceánicos", haberá de sofocar varios intentos de rebelión e superar abondosas penalidades pero conseguirá chegar a Manila onde a flota será recibida con honores. Será a única expedición española de descubrimento conducida por unha muller. Isabel volverá a casar con outro mariño de prestixio, Fernando de Castro e con el realizará varias campañas polo Pacífico.

Co obxectivo de acadar o recoñecemento dos seus dereitos legais sobre o dominio dos mares preiteará ata a súa morte diante da coroa, que nunca os recoñecerá e fará esquecemento da súa épica aventura.

Fonte: [www.lavozdeg Galicia.es](http://www.lavozdeg Galicia.es), podes atopar máis información en:  
[www.fisterrae.org](http://www.fisterrae.org)  
[www.elcorreogallego.es](http://www.elcorreogallego.es)

## 5.- O FUTURO

### Actividade:

Realizar un cuestionario sobre o propio futuro

### Obxectivo:

- Recoñecer de que modo inflúe a imaxe da ciencia e os estereotipos das profesións na elección de estudos e profesión.

### Organización

Agrupamento: Individual

Material: Cuestionario

Lugar: O Aula.

Duración da actividade: 50 minutos

### Desenvolvemento da actividade:

Repartirase o cuestionario entre o alumnado. Nel pregúntase pola profesión que lles gustaría desenvolver, as posibilidades que cren que teñen de facelo e da opinión da xente do seu contorno.

O alumnado dispoñerá de vinte minutos para cumprimentalo.

Unha vez rematado, os resultados pasaranse a unha táboa que se comentará en común, analisando o papel dos estereotipos nas eleccións realizadas e nos resultados.

### CUESTIONARIO:

| PROFESIÓN         | Gustaríache ser | Gustaríalle a túa familia | Crés que serás | Nome dunha persoa que coñezas desta profesión |
|-------------------|-----------------|---------------------------|----------------|---|
| Empresaria/o      |                 |                           |                |   |
| Médica/o          |                 |                           |                |   |
| Avogada/o         |                 |                           |                |   |
| Informática/o     |                 |                           |                |   |
| Mecánica/o        |                 |                           |                |   |
| Pintor/pintora    |                 |                           |                |   |
| Escritor/ora      |                 |                           |                |   |
| Electricista      |                 |                           |                |   |
| Inxeñeira/o       |                 |                           |                |   |
| Traballo/a social |                 |                           |                |   |
| Profesor/a        |                 |                           |                |   |



## 6.- ESTEREOTIPOS

### Actividade:

Relacionar os valores e cualidades das persoas .

### Obxectivo:

- Traballar os estereotipos de xénero .

### Organización:

Agrupamento: Individual, gran grupo.

Material: listado de palabras e obxectos

Lugar: O aula.

Temporalización: 1 sesión.

### I.- Desenvolvemento da actividade:

- Relación de palabras:

|                      |                |                      |
|----------------------|----------------|----------------------|
| Seguridade           | Entrega        | Afectividade         |
| Combatividade        | Xenerosidade   | Emotividade          |
| Autonomía            | Independencia  | Decisión             |
| Sensibilidade        | Creatividade   | Egoísmo              |
| Emotividade          | Autoridade     | Abnegación           |
| Comprensibilidade    | Intransixencia | Volubidade           |
| Valentía             | Firmeza        | Espírito emprendedor |
| Tolerancia           | Autocontrol    | Intuición            |
| Indecisión           | Tenrura        | Lealdade             |
| Solidariedade        | Aceptación     | Ambición             |
| Espontaneidade       | Forza física   | Intelixencia         |
| Submisión            | Debilidade     | Inseguridade         |
| Forte impulso sexual | Actividade     | Razón violencia      |
| Pasividade           | Agresividade   | Tenacidade           |
| Timidez              | Impetuosidade  |                      |

1.- O alumnado seleccionará dez de estas cualidades por orde de preferencia

2.- Seleccionará de entre elas as asociadas ós estereotipos masculino e feminino.

- 3.- Fará logo unha lista coas cualidades que considera debe ter calquera persoa
- 4.- Comparará a lista 3 coa a primeira lista e a segunda. Comentarios e debate.

- Relación de obxectos:

Ordenador  
Coche  
Videoconsola  
Vasoira  
Destornillador

Bolso  
Periódico  
Calceta  
Fulard  
Flores

Xoia  
Calculadora  
Taladro  
Lavadora  
Plancha

1.- Relacionar cada un destes obxectos coas palabras: Muller, home. Explicar o motivo da asignación.

## 7.- CORRESPONSABILIZAR

### **Actividade:**

Realizar enquisas sobre o reparto das tarefas dentro do fogar.

### **Obxectivos:**

- Detectar quen realiza as tarefas domésticas.
- Reflexionar sobre a corresponsabilidade.

### **Organización:**

Agrupamento: Individual

Material: Enquisa

Lugar: Aula, contorno inmediato.

### **Desenvolvemento da actividade:**

Distribuirase entre o alumnado unha enquisa que haberá de realizar a súa familia. Esta enquisa realizarase segundo os seguintes criterios:

- Cada membro da familia encherá a columna que lle corresponde.
- Responderase con: Sempre, As Veces, Caseque Nunca, Nunca.
- Pódese ampliar a listaxe de tarefas.
- No caso de que haxa discrepancias no seo do grupo familiar coas respostas emitidas, solucionalas falando.

En clase, cada alumno ou alumna fará un comentario sobre o resultado da súa enquisa e a súa opinión sobre a situación de equidade ou non no reparto así como das causas que puideran motivar o desequilibrio e os xeitos de solución.

Posteriormente, elaborárase unha táboa xeneral cos resultados de todas as enquisas reflexionando sobre a existencia ou non da chamadas "dobre carga"



## ENQUISA

|                                | Nai | Pai | Filla | Fillo |
|--------------------------------|-----|-----|-------|-------|
| Cociñar                        |     |     |       |       |
| Lavar e tender a roupa         |     |     |       |       |
| Planchar e gardar              |     |     |       |       |
| Limpar e recoller o baño       |     |     |       |       |
| Limpar os cuartos              |     |     |       |       |
| Fregar e limpar a cociña       |     |     |       |       |
| Facer a compra diaria          |     |     |       |       |
| Poñer e recoller a mesa        |     |     |       |       |
| Coidar do aseo dos Fillos/as   |     |     |       |       |
| Sacar o lixo                   |     |     |       |       |
| Atender ós maiores             |     |     |       |       |
| Coidar ós enfermos             |     |     |       |       |
| Acompañar a fillas/os ó medico |     |     |       |       |
| Reunións co profesorado        |     |     |       |       |
| Repoñer o papel hixiénico      |     |     |       |       |
| Organizar o ocio familiar      |     |     |       |       |
| Comprar utensilios para a casa |     |     |       |       |
| Comprar roupas e vestido       |     |     |       |       |
| Coser                          |     |     |       |       |
|                                |     |     |       |       |
|                                |     |     |       |       |